

PROBEZA

↓ Manuel García-Galano

Chámanye Queitano del Molín porque nun tempo tiveran na casa ún d'aquelos molíños de regueiro que nomáis trabayaban condo había auga abonda pra mover el rodezno, qu'era cuase sólo nel inverno.

A Casa del Molín era lo qu'estoncos se tía por úa búa casa, pode que das miyores de Covo de Baxo. Así todo, os dez días d'aradura a cada mao, el prado pra manter úa docía de vacas y os muiitos pinales pra poderen fer cortas a miudo, nun foran abondo atractivo pra reter na casa, a lo menos, a ún dos fiyos de Queitano y Marica, que se foran indo ún tras d'outro prá ciudá. Y aunque os padres nunca deran queixas a naide (*"a terra nun yes tira y temos que respetaryes el sou determino"*), tían dentro d'elos un daqué d'amargura qu'el tempo nun podía esmorecer, y naide sabe lo que darían por poder ir vendo medrar a os netos. Menos mal qu'a fortaleza d'ánimo de Marica —que neste era pra Queitano lo qu'a muleta pra un coxo— axudaba al home a ir sobrepoñéndose á señardá qu'a miudo s'apoderaba d'él (*"déixayes a os páxaros que fagan el nío unde quiran"*) y, pouco a pouco, aquel matrimonio tan ben avenido, tan xunto, fora aféndose á situación de quedaren solos y Queitano, qu'era neneiro de nacencia, ganábase, sin pretendelo, el afeuto dos rapacíos da vecindá dándoyes a proba d'aquelas mazás, pésigos, figos ou cereixas que tía na súa *güerta* da cortía, pechada de paredes cubertas d'hedras. Era un afeuto qu'os nenos ye mantían inda condo xa deixaran de selo, como Saturno del Regueiro, que fora sou vecín da porta, y que sempre que dende Avilés, unde trabayaba y vivía, chegaba a Covo de Baxo a ver os sous, fía tamén úa visita a Queitano, col que botaba largos parzamiques nos que falaban de todo.

Por eso Saturno se quedóu selado aquel día condo al abrir a porta da casa de sous padres lo primeiro que ye dixeron foi que morira Marica, a muyer de Queitano. Y contáronye ce por be cómo d'un día pra outro aquela muyer tan sana y tan argu-

te pasara da salú á enfermédá y d'ésta á morte. Y faláronye da soledá de Queitano, que nun quixera irse pra Barcelona col fiyo grande nin pra Madrid col outro por máis qu'insistiran pra levalo, y del dolo que yes daba ver aquel home sólo sin el sosto da muyer.

Faltóuye tempo a Saturno pra correr aló velo y abrazalo. Así lo fexo y díxoye todo aquilo que solemos dicir nestos casos con palabras que ye salían mui de dentro, y tratóu d'animar como puido al sou amigo, y sosegóulo da angustia que ye producíu el encontro, y entendéu ben cómo tuvo que pasar un bon cacho antias de que Queitano podese dicirye aquel *"muitas gracias, Saturno, xa sei que me ques ben"* que ye chegóu al alma. Y tratóu lougo d'arrincar da cabeza de Queitano aquel pensamento que lo atortoraba, falándoye das mazás, dos pésigos y das cereixas que ye daba de neno, y inda consiguíu que Queitano ye enseñase el último maceiro qu'inxertara (*"mira, xa ten fror"*) y hasta que ye preguntase si trera a muyer y os nenos.

Máis de dúas horas tiveron xuntos. Y dúas horas dan tempo pra muito falar. Nelas tentóulo Saturno da posibilidá, nunca acetada por Queitano, d'irse prá ciudá, y tuvo qu'ouguir outra vez aquilo de *"sintome naide entre tanta xente"*. Y desistíu axina Saturno de seguir por ese camín.

Lougo anoitecía condo se despedíu de Queitano (*"vaite, vaite, qu'Avilés ta lonxe"*) pro antias tuvo qu'escuitarye lo que máis dolo ye deu na despedida. Foi condo Queitano ye dixo que nun ye faltaba ningún ben material d'esta vida, que tía de todo, pro que se sintía probe. *"Teño a probeza á que máis medo sintín sempre: teño a probeza da falta de compañía, Saturno. Teño a probeza da soledá. Y nun sabes lo qu'eso dol na veyez"*.

Na volta hasta Avilés, Saturno nun puido sacar da cabeza aquela frase del sou amigo y pensóu nas probezas que, como a de Queitano, nun se poden resolver nomáis con cuartos.



Dibuxo: ENTRAMBAS AGUIAS